



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables	Código	652G03022	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es	
Profesorado	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A pobreza, a marxinação, a vulnerabilidade e a exclusión son aspectos inherentes aos modelos de organización política, económica e social contemporáneos. Estas realidades supoñen formas de vida singularizadas pola precariedade económica, a falta de oportunidades ou desigualdade no acceso a mellores condicións de vida ou ben a privación de dereitos, aspectos que dificultan a realización persoal e social.</p> <p>É unha finalidade da Educación Social visibilizar estas realidades, promover a toma de conciencia sobre o funcionamento da sociedade actual e actuar en consecuencia desde unha posición crítica, de forma que se desenvolvan procesos encamiñados á emancipación das persoas, ao seu fortalecemento como suxeitos de dereitos, á súa integración e participación social, así como á transformación das sociedades, para que se tornen máis xustas.</p> <p>Con esta idea, na materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables, partiremos dun achegamento aos referentes teórico-conceptuais que permitan comprender e explicar as situacións de vulnerabilidade e exclusión social, contextualizadas no marco socioeconómico e político máis amplo, así como discernir os factores e as fases presentes nos procesos e traxectorias vitais que conducen a estas situacións.</p> <p>Así mesmo, é importante coñecer o marco legal e institucional que lexítima e (de)limita a intervención socioeducativa para a prevención, protección e inclusión de minorías e colectivos vulnerables. Achegarémonos a diferentes contextos e realidades de exclusión social e ás propostas socioeducativas, que, en forma de programas, proxectos, recursos, redes? tratan de promover a inclusión social. Unha aproximación que nos permita poñer en cuestión e valorar a súa pertinencia en termos pedagóxicos e sociais.</p> <p>Finalmente, interéсанos coñecer os roles e funcións que ocupa o/a educador/a social nos diferentes programas, recursos ou institucións.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Coñecer e diferenciar entre conceptos afíns á exclusión social: pobreza, marxinação, desigualdade, vulnerabilidade, desadaptación...	A2	
	A3	
Identificar e analizar as relacións entre os sistemas político, económico, educativo e social, e os procesos de vulnerabilidade e exclusión social, nun marco de globalización neoliberal e crise do Estado de Benestar	A3	
	A5	
	A20	
Coñecer a analizar de forma crítica as causas, os significados, as manifestacións e os efectos da desigualdade	A1	
	A2	
	A5	
	A8	
	A20	



Discernir os compoñentes clave e fases polas que transcorren os proceso de exclusión social	A1 A2 A8		
Identificar e estudar as potencialidades, necesidades e factores de risco, así como as formas de intervención, desde unha perspectiva integral e complexa	A2 A5 A8 A14		
Deseñar, desenvolver e avaliar programas e proxectos de acción socioeducativa para a prevención e inclusión social, avaliando o ámbito sobre o que se actúa, priorizando necesidades ás que se pretende dar resposta, especificando os recursos e a proposta de avaliación, así como as bases teórico-metodolóxicas sobre as que se sustenta	A2 A9 A21		
Promover estratexias e accións de inclusión social desde o acompañamento socioeducativo, favorecedoras do empoderamento e a participación das persoas como suxeitos protagonistas do cambio	A2 A7 A9 A21		
Coñecer e aplicar dinámicas e técnicas que permitan problematizar e transformar a realidade desde a perspectiva das persoas protagonistas (teatro do oprimido)	A2 A7 A21		
Determinar e fundamentar as características, os factores influíntes, as posibilidades e limitacións da acción socioeducativa en contextos específicos de vulnerabilidade e exclusión social	A1 A2		
Deixarse afectar e transformar polo outro, desenvolvendo unha perspectiva empática e un compromiso ético coa función emancipadora da Educación Social	A2 A20		
Asumir o sentido da responsabilidade e implicación coa calidade da actuación, enmarcada nos principios deontolóxicos da profesión	A14 A20		
Espertar e desenvolver unha actitude autocrítica, de autorregulación da propia aprendizaxe, e de participación activa e responsable no proceso	A14		

Contidos	
Temas	Subtemas
Módulo 1: A exclusión social, o novo rostro da pobreza	1. Precisións terminolóxicas: pobreza, marxinación, exclusión, vulnerabilidade, desigualdade, minoría, integración. 2. Os procesos de exclusión e inclusión social: fases, dimensións de análise, ámbitos, factores e eixos da desigualdade.
Módulo 2: Dereito á inclusión social: políticas, medidas institucionais e movementos sociais	3. Estado de Benestar: dereitos e necesidades. 4. Globalización neoliberal e exclusión social: cuarto mundo. 5. Un outro mundo é posible: políticas, programas e movementos sociais de loita contra a exclusión.
Módulo 3: Prácticas socioeducativas de prevención e inclusión social: perspectivas e procesos metodolóxicos	6. Enfoques metodolóxicos inclusivos e transformadores: principios e directrices da acción socioeducativa. 7. Análise da realidade, deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de acción socioeducativa. 8. Técnicas e estratexias para a emancipación: Teatro do Oprimido. 9. O rol profesional na acción socioeducativa: ética e deontoloxía.
Módulo 4: Das realidades aos programas, proxectos e recursos de acción socioeducativa	10. Exclusión residencial: senfogarismo. 11. Acción socioeducativa con poboación reclusa. 12. Prostitución.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Actividades iniciais	3	0	3
Análise de fontes documentais	0	30	30
Sesión maxistral	12	0	12
Discusión dirixida	4	0	4
Simulación	6	50	56
Presentación oral	5	5	10
Estudo de casos	6	0	6
Obradoiro	3	0	3
Eventos científicos e/ou divulgativos	3	5	8
Proba de ensaio	0	15	15
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Destinadas a (re)coñecernos como protagonistas dos procesos de ensino e de aprendizaxe que se inician, a presentar e discutir as regras do xogo recollidas na guía docente, a identificar intereses e /ou motivacións do alumnado respecto dos obxectivos que se queren acadar, e a verbalizar preconceptos e saberes previos das alumnas e alumnos relacionados coa materia, dos que partir para favorecer aprendizaxes relevantes.
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos relevantes textuais (artigos, libros, novas de prensa, poemas, textos lexislativos...) e audiovisuais (documentais, curtas, filmes, fotografías, viñetas...) que faciliten e amplíen a comprensión dos conceptos básicos da materia, e permitan a elaboración de pensamentos razoados acerca da intervención socioeducativa. Seguindo a Finkel (2008), trátase de deixar que fale os documentos, propoñendo actividades que permitan desentrañar o seu significado: mapas conceptuais, estudo de casos, recensións, diálogo reflexivo, seminarios, etc.
Sesión maxistral	Destinada á exposición oral por parte da docente na que achegar o saber científico e disciplinar imprescindible para a deconstrución e reconstrución crítica do coñecemento experiencial. Complementárase co uso de recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e coa introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para favorecer o diálogo reflexivo. A finalidade é promover unha aprendizaxe transformadora, potenciando a participación do alumnado na construción significativa do coñecemento.
Discusión dirixida	Fundaméntase na concepción da aprendizaxe como un proceso reflexo, dialóxico, un acto de (re)creación solidarizando a reflexión e a acción. En base á análise previa de fontes documentais, promoverase o debate e contraste de opinións fundamentadas, a través das que: identificar dificultades na comprensión; promover a dúbida e o conflito, poñendo en tea de xuízo as crenzas e interpretacións iniciais; provocar o pensamento diverxente e recoller diferentes argumentacións; favorecer a conexión con experiencias vitais; etc. Todo coa finalidade de que o alumnado tome conciencia de interpretacións alternativas da realidade socioeducativa, se emancipe dos preconceptos e ideas erróneas, e reconstrúa criticamente novas formas de pensar, sentir e actuar. Destinaranse á discusión dirixida tanto sesións expositivas como interactivas. Estas últimas organizaranse a modo de seminario aberto.



Simulación	<p>Práctica simulada de participación nunha convocatoria pública da Administración autonómica, na que se respectan as características formais e de contido, así como os requisitos habituais neste tipo de concursos. Ten como finalidade a inmersión nas competencias específicas da Educación Social relacionadas co deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de acción socioeducativa, así como co traballo en equipo, partindo dunha situación real o que entendemos supón un desafío motivador.</p> <p>Esta proposta didáctica esixe poñer en relación as bases teóricas e metodolóxicas da materia para resolver un problema práctico (neste caso a elaboración dun programa), permitindo ademais recuperar e actualizar moitos dos saberes e destrezas adquiridos ao longo do Grao.</p> <p>Dado a dimensión da proposta e a necesidade de promover unha aprendizaxe interdisciplinar, trátase dun traballo compartido coa materia Orientación Ocupacional, no que as docentes acompañarán aos grupos durante todo o proceso: asesorándoos tecnicamente, contribuíndo á autoorganización e autonomía, activando procesos reflexivos, problematizando decisións, incentivando argumentacións, reforzando as potencialidades, etc.</p> <p>O proceso está marcado polos seguintes momentos: publicación simulada da convocatoria; inscrición dos equipos no concurso; deseño e presentación en prazo e forma do programa; defensa dos programas; actuación da comisión avaliadora; e resolución motivada do concurso.</p>
Presentación oral	<p>Algunhas das actividades desenvolvidas tanto de xeito individual como grupal, serán expostas diante do grupo de referencia, procurando chegar a conclusións compartidas sobre o caso investigado, o documento ou experiencia analizada. Entre as actividades, o Programa de Acción Socioeducativa será presentado e defendido no grupo expositivo.</p> <p>Unha das finalidades da presentación oral é favorecer a coavaliación e autoavaliación a través da contrastación de diferentes formas de resolver as mesmas actividades, permitindo identificar dificultades e potencialidades nos propios traballos, así como autorregular a propia aprendizaxe.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica ou experiencia (presentada nun filme, curta, artigo...), sobre a que se formula un problema que ha de ser estudado, valorado e resolto á luz dos referentes teóricos e metodolóxicos da materia, por parte dun grupo de persoas a través dun proceso de discusión. Promove, polo tanto, a conexión entre o marco teórico e experiencias concretas de acción socioeducativa.</p> <p>A través desta metodoloxía promoverase o desenvolvemento das competencias, estratexias e técnicas relacionadas co deseño, implementación e avaliación de programas e proxectos, dende a análise da realidade, de necesidades, factores de risco e potencialidades. Neste sentido, constitúe unha fonte de coñecemento esencial para o deseño do Programa de Acción Socioeducativa, obxecto da convocatoria pública simulada.</p>
Obradoiro	<p>Proposta metodolóxica eminentemente práctica na que o alumnado se achegará ao coñecemento e aplicación de exercicios, xogos, técnicas e estratexias da metodoloxía do Teatro do Oprimido. Ten como finalidade promover desmecanización física e intelectual, estimulando a discusión e a problematización de situacións da vida cotiá, a reflexión crítica sobre as relacións de poder que caracterizan as interaccións humanas, e a definición conxunta e ?ensaio? de alternativas para a emancipación, sempre dende a perspectiva das propias persoas protagonistas.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>Actividades realizadas polo alumnado que implican la asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.), co obxectivo de afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.</p> <p>Nas sesións expositivas e a través do Moodle poderase informar, tanto por parte da docente como do alumnado, de eventos de interese.</p>
Proba de ensaio	<p>Esta proba busca responder a preguntas de certa amplitude valorando as seguintes capacidades: razoamento (argumentar, establecer sinerxias, etc.), síntese, creatividade e orixinalidade, espírito crítico, precisión conceptual e redacción. Implica, polo tanto, un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. A proba contemplará catro preguntas a desenvolver.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Proba de ensaio Presentación oral Simulación	Para o desenvolvemento do Programa de Acción Socioeducativa baseado nunha convocatoria pública simulada, así como para a súa presentación e defensa oral, será preciso acudir, como mínimo, a dúas sesións de titoría, nas que facer o seguimento por parte da docente. Estas sesións serán indicadas na aula.
--	--

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	Esta proba busca responder a preguntas de certa amplitude valorando as seguintes capacidades: razoamento (argumentar, establecer sinerxías, etc.), síntese, creatividade e orixinalidade, espírito crítico e redacción. Implica, polo tanto, un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	50
Presentación oral	A presentación e defensa do Programa de Acción Socioeducativa será avaliado pola docente (heteroavaliación), polo grupo aula (coavaliación), e polo propio grupo (autoavaliación), atendendo aos criterios que se establezan conxuntamente. Entre eles: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; a coherencia no discurso, a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); e o uso de recursos. A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo.	10
Simulación	Avaliarase segundo os criterios indicados na convocatoria pública simulada. Ademais, valorarase: o afondamento nos contidos; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; aspectos formais relativos á calidade da presentación.	40

Observacións avaliación
<p>1.- A asistencia e participación nas sesións de aula e actividades prácticas sinaladas considéranse obrigatorias nunha universidade presencial como é a Universidade da Coruña. Aquelas alumnas e alumnos que, por razóns debidamente acreditadas (de saúde ou laborais), non podan ter unha asistencia sistemática (por encima do 85%), poderán optar a unha modalidade de avaliación específica, sempre que o comuniquen á docente en horario de titorías para a súa oportuna e axeitada consideración. Nestes casos, establécense as seguintes actividades de avaliación: Ensaio reflexivo (20%); Proba de ensaio (60%); Estudo de caso (20%). As pautas e criterios de avaliación están recollidas no documento de avaliación colgado no Moodle.</p> <p>2.- O cómputo global da nota final require que a proba de ensaio e a simulación (ou estudo de caso) obteñan unha cualificación de aprobado (5). En caso contrario, só figurará na cualificación final a correspondente ao exame. As actividades superadas só se gardarán durante a convocatoria anual.</p> <p>3.- Todos os traballos presentaranse en formato dixital (PDF) a través do Moodle. Non se aceptará ningún traballo do que a docente non teña constancia da súa realización.</p>

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	
Orientación ocupacional/652G03021	
Materias que continúan o temario	



Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

Socioloxía/652G03005

Pedagogía social/652G03006

Xénero, igualdade e educación/652G03007

Educación multicultural/652G03013

Intervención en contextos familiares de risco/652G03015

Servizos sociais e benestar social/652G03014

Educación de menores en desprotección e conflito social/652G03016

Educación de persoas adultas e maiores/652G03018

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías